



O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Instalacións do auditorio do colexio CEIP Juan de Lángara.

Reutilizar, reducir, reciclar: todas estamos familiarizadas cos principios da sustentabilidade en relación co uso dos obxectos cotiás e residuos. Habería que inventar outro lema para o noso espazo e recursos públicos: **recuperar, usar, gozar.**

Ferrol é unha cidade que veu languidecer valiosos equipamentos públicos por falta de mantemento, exemplo disto son os pabillóns e as pistas e parques deportivas.

Ante os macroproxectos como a “Cidade do Deporte”, cabe lembrar que a cidade ten, ademais, que coidar os espazos de proximidade, que son, finalmente os que articulan a vida diaria e son os espazos onde a veciñanza se relaciona, fai deporte e son proporcionadores de calidade de vida.

Nesta liña, a Intrabarral de Canido identificou que o colexio CEIP Juan de Lángara, situada ao comezo da estrada de Catabois, posúe unhas instalacións moi interesantes, que, debidamente recuperadas e postas a disposición do colexio e da comunidade, poden contribuir a enriquecer a vida cultural e deportiva, e aportar valor tanto ao colexio coma a esa parte do barrio, máis alonxada do centro de Ferrol. Nas páxinas interiores detallamos a proposta.

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvariño

Maica R. Freire

O BARRIO - ISSN 3045-4476

O CEIP JUAN DE LÁNGARA

ANTIGOS-NOVOS ESPAZOS PARA O BARRIO

O colexio Juan de Lángara, situado no barrio de Canido en Ferrol, foi reformado en diversas ocasións, a última en 2023, e sen embargo estas reparacións non incluíron instalacións que son de alto valor e interese para o propio centro e para a comunidade das zonas colindantes.

O CEIP conta cun **auditorio** en estado de abandono (ver a foto da portada deste boletín) pero que conta con escenario, patio de butacas con chan en pendente, posúe pequenos cuartos laterais no escenario e unha sala dende onde se realizaban proxeccións (aínda conserva o proxector antigo), situada en altura fronte ao escenario.

O auditorio ten un acceso independente da zona escolar. Cunha adecuada planificación de accesos este auditorio o auditorio reformado permitiría a realización de eventos propios da escola, realización de eventos culturais (radio en directo, teatro, eventos musicais...) ou o seu uso como sala de ensaio para grupos de teatro ou bandas de música e coros.

O centro conta tamén con **espazos deportivos**, e dado que o barrio de Canido posúe unha soa pista deportiva, a conocida como “pista de Larlasa”, estes espazos son de alto interese para deportes federados e entrenamentos.

O campo de herba xa comezou a ser utilizado polo equipo ferrolano de rugby. Cun adecuado tratamento, permitiría ao barrio de dispoñer dun campo de herba onde competir.



Sala de proxeccións

A intrabarrrial, da man da Directiva do CEIP, buscará a rehabilitación do auditorio e os espazos deportivos do centro, para poñelos a disposición do propio centro e do barrio.



Campo de herba



Esquema de espazos e accesos.2025, Intrabarrrial de Canido.

Unha necesaria intervención da administración permitiría a apertura deste amplo espazo ao barrio e á convivencia de usos educativos e para as entidades da zona. En O Barrio, informaremos puntualmente do avance desta iniciativa.

AXENDA DE NOVEMBRO DA SGHN

SGHN(Sociedade Galega de Historia Natural)



Conferencia na SGHN:

Dez anos de contribucións ao coñecemento da ecoloxía de vertebrados de Galicia. Impartida polo Prof. Dr. Alejandro Martínez Abraín (UDC)




Saída organizada pola Sociedade Galega de Historia Natural

Visita ao Cal, un espazo natural exemplo de recuperación, obxecto dun proxecto conservacionista en canto á diversidade e aos usos tradicionais do monte.



Conferencia na SGHN:

Impacto dos cans sobre as aves acuáticas que fan uso do ecosistema praia; impartida por Sabela Barcia Pernas (Bióloga Estudante de Mestrado USC).



NOVO SERVIZO NO CENTRO CÍVICO

Coñeces a mediación extraxudicial?

O SERVIZO DE MEDIACION é un método de resolución pacífica de conflitos (hoxe en día, un dos requisitos obrigatorios para o acceso á xustiza).

As características fundamentais do proceso: voluntariedade, confidencialidade, imparcialidade, neutralidade e boa fe, fan deste servizo a mellor opción para a procura dunha solución plenamente satisfactoria para as persoas intervincentes, en tanto que son elas mesmas as que acadan acordos.



As profesionais encargadas do servizo, estarán á disposición da veciñanza para atender as vosas dúbidas e solicitudes a través dos teléfonos de contacto: 649420654, 657643910 e 607471744 e para acordar unha reunión no horario de venres tarde de 16.00 a 19.00 horas.

Memoria histórica: Ferrol vai parar á historia como cidade de memoria democrática.

De acordo co artigo 51 da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, as asociacións culturais **Memoria Histórica Democrática, Fuco Buxán, Ferrolterra Antiga, Ateneo Ferrolán e López Bouza** solicitaron en maio deste ano a inclusión de Ferrol no Inventario Estatal de Lugares de Memoria Democrática, polos feitos que se suceden na cidade e no contorno desde **1872 ata 1975**, de singular relevancia pola súa significación histórica e pola súa repercusión na memoria, vencellados á memoria democrática, **á loita da cidadanía polos seus dereitos e liberdades, á memoria das mulleres, así como coa represión e violencia sobre a poboación.**

É o Ferrol Democrático que se ten que impoñer ao “El Ferrol del Caudillo”, de memoria antidemocrática. A burguesía liberal local, as clases medias, a clase traballadora no seu conxunto e sectores do estamento militar, foron aliados na cidade na procura dunha sociedade democrática e os lugares enmarcados no informe “Ferrol, Lugar de Memoria Democrática”, están aí porque neles producíronse resistencias ante o fascismo, ou avances na promoción dos ideais democráticos: Arsenal Militar, o Teatro Jofre, o Centro Obreiro de Cultura, o monumento do 10 de marzo, o portal 27 da rúa Terra e a factoría de construción naval. Temos lugares de memoria democrática que foron centros de represión: o presidio da Escollera no Arsenal (derrubado), o castelo de San Felipe, as prisións navais militares de Caranza e A Graña, os cuarteis do Baluarte e de Infantería de Mariña, a prisión do partido xudicial, a comisaría de policía de San Amaro...

Lugares de soterramento de vítimas da represión en fosas comúns: cemiterio municipal de Canido (máis de trescentos soterrados pola represión entre 1936 e 1945) e parroquial de Serantes (170). Lugares onde se rememora a memoria de personaxes nados neste contorno que defenderon os dereitos democráticos e sociais: a alameda do Cantón, a avenida do mestre García Niebla e as casas de Concepción Arenal e Carvalho Calero.



Muro do antigo cemiterio de Canido.

Lugares que recordan o sacrificio dos que deron a vida nesa defensa, como o **memorial de Canido**, no parque Antón Varela, cos nomes de vinte e dúas mulleres e oitocentos oitenta e dous homes vítimas mortais do franquismo (1936-1975), inaugurado o 24 de febreiro último. E lugares que gardan a documentación que testemuña a represión dos consellos de guerra e a dos cárceres: Arquivo Militar Intermedio e Arquivo Naval. Reivindicamos un pasado digno do que sentirmos orgullosos, unha realidade de Ferrol como **a primeira cidade republicana da Historia de España** (14 de outubro, 1872). Non é o Ferrol dos militares golpistas do 36 que detiveron e asasinaron os republicanos nin o da Policía Armada que disparaba aos obreiros no 72 e a Reboiras no 75. Caben nesta cidade democrática a feminista Concepción Arenal, o liberal Canalejas, a comunista Amada García, a socialista María Abella, a carboeira Josefa Gómez, a libertaria Milagros Nidáguila, o presidente republicano da Deputación López Bouza, o alcalde Xaime Quintanilla, o artista Camilo Díaz Baliño, os obreiros da naval Amador e Daniel, guerrilleiros antifranquistas como Vilaboy e sindicalistas que desde a construción naval estiveron na vangarda da loita da clase obreira contra o franquismo.

A declaración oficial de Cidade de Memoria Democrática vai impulsar **o autocoñecemento da sociedade, a súa autoidentificación e a difusión do seu patrimonio cultural.** A nosa historia máis recente **reforza o proxecto de Ferrol como Patrimonio da Humanidade**, ao dotarlle dun contido innegable de valores sociais contemporáneos que supera a herdanza da cidade ilustrada.

Texto de Xosé Manuel Suárez. Redactor do Informe “Ferrol, Lugar de Memoria Democrática”.

O BARRIO QUE QUEREMOS

OS CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS

Cando falamos de deseño de cidades e barrios, case sempre esquecemos xerar espazos para o disfrute e a convivencia dos/as nenos e nenas. Coa fin de colocar os/as nenos/as no centro á hora de deseñar espazos xurdiron proxectos como a “*Cidades dos Nenos*” (F. Tonucci), é dicir facer contornas amables á infancia. **#CidadeDosNenos**

Os *Camiños Escolares Seguros*, englobanse tamén nesa idea de poñer aos nenos/as no centro, e buscar o seu espazo no ámbito urbano. Estes camiños en realidade buscan **xerar unha serie de itinerarios seguros e saudables que facilitan que os/as nenos/as poidan chegar a pe o en bicicleta a súa escola** de xeito autónomo.


Na definición destas rutas non só se trata de actuar no espazo urbano definindo rutas e camiños, polos que os escolares poidan transitar sen os perigos do tráfico ou outros relacionados coa inseguridade. Nese sentido tamén trátase de marcar unha serie de puntos seguros, contando coa colaboración do comercio local e o tecido do barrio ao actuar dentro da contorna como eses lugares seguros en caso de perigo. **#FacendoBarrio**

Ademais é importante contar coa colaboración das ANPAS, xa que neses tránsitos haberá escolares de todas as idades, que ademais de fomentar o contacto interxeneracional entre alumnos da escola de diferentes cursos, permitirá que os máis maiores poidan ser tamén guías dos máis pequenos/as fomentando a responsabilidade e a cooperación mutua). Cabe destacar o importante o traballo do propio colexio xa que precisa un esforzo do profesorado e da dirección do centro.

#AutonomíaPersoal

Este tipo de actuacións melloran a seguridade viaria e fomentan a mobilidade sostible. A autonomía infantil e os hábitos saudables. Especialmente, temos que destacar como os accidentes de tráfico na contorna e o **número de persoas feridas nas contornas escolares diminúe de xeito importante**. Os resultados do estudo daquelas zonas onde funcionan estes camiños, conclúen que diminuíron un **41% os accidentes de tráfico con feridos de 0 a 16 anos e un 43% aquelas nas que os nenos e adolescentes feridos** eran peóns. En canto ao número de **peóns de 0 a 16 anos atropelados**, a diminución **foi do 40%**. **#SeguridadeViaria**

Este tipo de proxectos precisan do pulo dos poderes públicos, pero tamén da idea nas cidades e barrios de que outra mobilidade è posible. Son proxectos que precisan dun traballo comunitario, interxeneracional e que implica a distintos sectores e actores sociais que teñen que traballar no común. Os beneficios son moitos, só temos que pensar a cidade dun xeito distinto. **#Cooperación**



A adopción dos ritos de paso e memoria mortuorios na Galiza

A relixión todo o impregna e sabemos que os ritos en honor e lembranza dos defuntos de cada colectividade foi moi anterior ao cristianismo. A forma en que este, en loita co mundo ao que denominaban pagán, recolleu e transformou a tradición dese recordo, así como as interaccións con esas outras tradicións ata dar forma definitiva aos ritos mortuorios tal e como se plasmaron definitivamente, son aínda obxecto de estudio e debate acalorado entre os máis doutos e aqueles outros que atrapamos ideas ao vento das nosas lecturas. Na Galiza non podemos ignorar o peso da cultura celta na configuración do cristianismo primitivo, pese a que resulte negada por un sector da historiografía reactivo a outro sector ao que acusa de buscar no mundo celta un transfundo político que magnifique a identidade dos grupos étnicos que se instalaram, comerciaron e construíron sociedade sobre o chan da Gallaecia.

Sobre os costumes das xentes que vivían no campo nos primeiros séculos da nosa historia, temos unha testemuña impagable: *De Correctione Rusticorum (Corrección dos Rústicos)*, escrito por San Martiño de Dumio (tamén Dumense, de Braga ou Bracarense), un bispo empeñado en corruxir eses costumes que vía profundamente vencelladas ao pensamento de Prisciliano, considerado nesa altura herexe e responsable dun movemento herético que impregnaba o cristianismo na Gallaecia Romana primeiro e no Regnum Suevorum despois.

Martiño pregúntase (lembramos que estamos a falar do século VI da nosa era): *Pois prender candeñas ás pedras, ás árbores, ás fontes, nas encrucilladas, que outra cousa é senón culto ao díaño?* Este texto tráenos á mente o costume de colocar nos cruces de camiños e dentro de cabazas candeñas no tempo de defuntos. Un costume que moitos dos máis maiores lembramos da nosa nenez, moi anterior á febre

consumista que nos chega baixo o nome de Halloween e que, na Galiza, sabiamente estamos a reivindicar como Samaín, celebración e recordo da xente nosa que xa marchou que se sitúa entre esa cultura celta e a cristián que inteactuaron durante varios séculos para crear o conxunto de ideas nas que callou o cristianismo na nosa terra. Pódese atopar o texto integro deste opúsculo no libro compilado por Antonio Rodríguez Baixeras e recentemente publicado por Toxos Outos, “*Voces da Galicia Bárbara*”, na súa Serie *Trivium*.

Velaí un tema ben interesante sobre o que indagar: cabazas ás que dotamos da aparencia de caliveiras, palometas ou candeñas sobre aceite para recordar no interior dos nosos fogares a aqueles que nos precederon e aos que debemos a nosa existencia ou postres e doces especiais (osos de santo, buñuelos, rosquillas...). Pódese elixir!

Castañas, noces e viño fan as delicias de San Martiño

25 de novembro de 1975, fin do proceso revolucionario en Portugal

Sabedes da profunda amizade que a nosa Asociación ten desenvolva con Portugal, país irmán de lingua. Non podemos deixar de mencionar que este 25 de novembro cómprese **50 anos** dunha manobra política, na que confluíron varias conspiracións, mediante a que Portugal foi definitivamente volta ao rego das democracias occidentais e paralizadas unha boa parte das experiencias revolucionarias que se estaban a desenvolver nese momento (reforma agraria, habitacional, nacionalizacións...). A dereita portuguesa inclínase por celebrar esta data. **Nós somos máis do 25 de abril de 1974**, día no que todo comezou (imaxinade as notas do Grândola Vila Morena), mesmo o camiño da España franquista cara á democracia.

EN PROXIMIDADE

Os nosos bens e servizos deixaríannos xeados se as etiquetas fosen de veras transparentes. Hoxe sabemos que podemos pagar menos por comida, roupa, tecnoloxía... pero tras o choio non acostuma a haber historias felices. Sabelo é o noso dereito, e temos o poder de que os nosos actos cotiás sexan menos automáticos, superficiais e inconscientes. O consumo consciente axuda a entender o mundo, a participar mellorándoo e cambiar as regras de xogo, apoiando a economía local e as empresas que fortalecen o noso tecido social.

Este mes en O Barrio traemos unha reflexión sobre o peche dun coñecido comercio do barrio e da man de HOSCOMPRO presentamos dous negocios locais.

Para contribuir a O BARRIO: boletincaido@gmail.com ou utilizando o buzón do Centro Cívico.

Nostalgia de nuestras tiendas de barrio: ferretería Fortúnez.

Recuerdo hace muchos años, siendo yo una jovencita, cuando conocimos a Enrique y sus hermanas. Desde el primer momento, el trato era tan agradable, que enseguida fueron unos más del barrio.

Enrique se puso al frente de la Ferretería Fortúnez y desde su apertura tuvimos un establecimiento amigo, ya que tanto Enrique, como todos los empleados que pasaron por allí a lo largo de los tiempos, nos atendieron siempre con gran paciencia, amabilidad y eficacia, facilitándonos la vida durante todos estos años. Eso era “marca de la casa”.

Al principio, los clientes eran los vecinos, pero al poco tiempo, empezaron a venir gentes de toda la comarca. La razón: allí se encontraba de herramientas, materiales, pinturas...y utensilios para todo tipo de obras. ¿Y si no lo había? Te lo conseguían donde fuera. Lo bueno de este establecimiento, es que íbamos allí con nuestros problemas de manitas, o más bien, “de manazas”, a pedir consejo y solución: tengo la barandilla oxidada, necesito tornillos para las asas de la olla, la cerradura no funciona, una pintura para impermeabilizar un balcón y... ¿ que rodillo necesito? así, mil ayudas para nuestro día a día. Lo peor: las colas que se formaban, y que se iban resolviendo, gracias a un buen número de empleados, a su amabilidad, agilidad y eficiencia.

¡Tengo visto colas esperando antes de que abrieran ;
Por esta razón escribo estas letras. No se puede cerrar un establecimiento de tantos años, sin más, y sin manifestar todo el cariño y lo significó para nuestro barrio. Me da pena que cierren estos comercios del barrio, que nos facilitan tanto la vida, en los que nos conocemos todos y más que clientes, hay relaciones de vecinos y de amistad. Desde aquí quiero hacer un homenaje de agradecimiento, tanto a los fundadores como a todos y cada una de las personas que nos han atendido a lo largo de los años, con tanto cariño, paciencia y profesionalidad. Que allá donde estén, o a dónde los guíe el destino, serán recordados con mucho cariño, por todos los vecinos del barrio. Las tiendas de barrio son imprescindibles para nuestra calidad de vida.

Pd: F. Fortúnez, tengo la terraza preciosa gracias a vosotros.

Mil gracias. J. Ocampo



Café Bar Seijo

Un lugar de toda a vida, onde paran as veciñas e veciños dende sempre e onde se pode tomar un bo café ou unha bebida fría nun ambiente acoledor e agradable.

O café Seijo leva aberto na chamada “Porta de Canido” (a praza de Canido) dende os anos 60, atópase xusto diante da parada de taxis e conserva a aparición clásica e entrañable dun café-bar entendido como lugar de encontro. Fronte aos bares que proliferan con estéticas moi cuidadas e moderas pero baleiras de vida, cafés como Seijo son lugares onde compartir a

vida, oír e contar historias, tomarse un momento de paréntese fronte ao estrés da vida e deixarse contaxiar por este lugar tranquilo.

No café Seijo hai tamén selado de loterías, e xa repartiu sorte entre a veciñanza en varias ocasións, incluídos varios grandes premios da lotería de nadal.

Canido non sería o mesmo sen lugares coma este, e por iso Seijo seguirá dando servizo todos os días, agás domingo, xa para as/os que máis madrugan, dende ás 8:15 e en horario de mañá e tarde.



Sonia Díaz. Deseño e web

Sonia Díaz é unha experta en creación de imaxe corporativa dixital, renovación de imaxe de marca, deseño web e deseño corporativo completo: papelería, logotipos, deseño publicitario... Sonia colabora ademáis en redes profesionais coas que completar a súa oferta de servizo, puidendo asumir grandes proxectos e servizos complementarios como programación ou mellora da visibilidade en internet (SEO). Tamén diseña e mantén páxinas web de alta calidade.

Sonia combina esta actividade na que atesora ampla experiencia coa labor de ser directiva de HOSCOMPRO; ademáis, está certificada para a formación en temática web.

Para contactar: contacto@soniadiaz.online

